



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

ANUNCIO

APROVEITAMENTO MADEIREIRO

O Alcalde Pedáneo da Entidade Local Menor de Bembrive aprobou o Prego de Cláusulas Económico – Administrativas que regulan a adxudicación, mediante poxa pública, do aproveitamento madeireiro no Monte de U.P. 563, "San Cibrán, Aradas e outros", pertencente á Entidade:

1. Obxecto. Enaxenación do aproveitamento madeirable a risco e ventura incendio / temporal / pragas /quenda / claras, nunha superficie aproximada de 8,00 Has. de Pinus Pinaster e Eucaliptus Globulus no MUP 563 San Cibrán, Aradas e outros. Volumen con cortiza: 1.981,46 m³ e 1.921 pés de Pinus pinaster e 218,97 m³ e 445 pés de Eucalyptus globulus; prezo base de taxación 59.339,71 € e prezo índice de 74.174,64 €. Cunha taxa de 726,59 €. Prazo de execución 12 meses.

2. Prezo base de taxación. 59.339,71 €, sen IVE, correspondente co prezo base de taxación fixado polo Servizo de Montes, resultante de establecer un prezo unitario de 26,51 €/m³ de Pinus Pinaster e 31,10 €/m de Eucalyptus globulus nunha superficie aproximada de 8,00 hectáreas.

3. Mostra do aproveitamento. Os interesados en visualizar o aproveitamento poranse en contacto coa Vocal de Montes desta Entidade; tlf.: 619419314.

4. Exame dos Pregos. Os Pregos de Cláusulas Eco. Advas. e de Prescricións Técnicas Particulares que concreta a forma de realiza-lo aproveitamento están a disposición dos interesados na Entidade Local de Bembrive, Praza Mosteiro 1-Bembrive (Vigo). Admitiranse vía correo electrónico chamando ao tlf.: 986423148 de 9,00 a 14,00 h.

5. Prazo de presentación de ofertas. Presentaranse dentro dos 26 días naturais seguintes ao da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial correspondente, en días laborables, sábados excluídos, entre as 9,00 e as 14,00 horas. No caso de que o último día fora sábado ou festivo, prorrogarase o prazo ata o seguinte hábil.

6. Fianzas provisional e definitiva. A fianza provisional é de 1.186,79 €, a definitiva será do 4% do prezo de adxudicación, IVE engadido.

Bembrive (Vigo), na data de sinatura electrónica.

O Alcalde Pedáneo.